



CIRCULAR 143-2026

SOLICITUDE DE PRAZAS PARA O CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA, CURSO ACADÉMICO 2026/27

Todos aqueles atletas interesados en optar a unha praza/bolsa para o **Centro Galego de Tecnificación Deportiva** na vindeira tempada 2026/27 deberán cubrir o seguinte enlace de solicitude de praza, <https://forms.gle/vpepYhoAQ6NuUvEX7>

Deberá engadirse un informe do adestrador actual (só para novas solicitudes) unha copia do expediente académico (só para o grupo de Tecnificación) e volante de empadramento (só para o grupo de Tecnificación), ata o día **09 de xullo de 2026 as 23:59h**.

Para o curso 2026/27 as prazas ofertadas serán para o sector de **LANZAMENTOS (4 plazas de residente)**.

A FGA, unha vez recibidas tódalas solicitudes emitirá unha proposta á Dirección do CGTD.

A. Requisitos dos beneficiarios das bolsas:

Poderán ser beneficiarias das prazas para deportistas no Centro Galego de Tecnificación Deportiva todas aquelas persoas deportistas que, no momento de presentación da solicitude por parte das correspondentes federacións deportivas, cumpran os requisitos que se detallan a seguir:

- Ter nacionalidade española (Poderanse exceptuar este requisito aqueles solicitantes que foran seleccionados pola selección española para participar en competicións de carácter europeo ou mundial).
- Estar en posesión da licenza deportiva na modalidade para a cal se presenta a solicitude, emitida pola federación galega correspondente ou ben pola federación española correspondente no caso de que a federación galega da modalidade en cuestión non estivera integrada na federación española. Poderase valorar, segundo informe técnico da comisión de selección e como caso excepcional, o incumprimento deste requisito unicamente nas prazas de rendimento.
- Para os grupos de tecnificación, deberase pertencer a un club deportivo galego ou sociedade anónima deportiva dada de alta no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, así como estar empadroada nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- As persoas deportistas beneficiarias de praza de tecnificación deberán ter promocionado de curso na convocatoria ordinaria de xuño de 2026, e non ter máis de dúas materias suspensas. Excepcionalmente, poderase considerar a posibilidade de repetición daqueles deportistas cuxas federacións xustifiquen



que participaron, con posibilidade de seguir participando, en campionatos de Europa, do mundo ou xogos olímpicos.

Non poderán obter a condición de beneficiarias aquelas persoas que concorren nalgunha das circunstancias establecidas a seguir:

- Non obter un apto na análise médica realizada polo equipo médico do CGTD
- Ter un informe negativo da Dirección do CGTD e ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte a través da comisión de selección sobre o seu comportamento durante a súa estadía como bolseiro no Centro Galego de Tecnificación Deportiva durante o curso inmediatamente anterior ao desta convocatoria.
- Ter sanción en firme por dopaxe.
- Ter sanción en firme por algunha das infraccións previstas no artigo 14 do Real decreto 1591/1992, do 23 de decembro, sobre disciplina deportiva (BOE do 19 de febreiro de 1993).
- Ter sanción en firme por algunha das infraccións previstas no artigo 97 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

B. Obrigas do deportista bolseiro:

A persoa deportista bolseira estará obrigada a:

- Cumprir o proxecto deportivo da súa federación.
- Realizar un número mínimo de adestramentos (75 %) no proxecto deportivo, segundo o Regulamento de réxime interno do CGTD.
- Adestrar co técnico que lle asigne a súa federación, ata a categoría Sub23 (incluída).
- Participar nas competicións autonómicas, nacionais ou internacionais que a federación ou técnico do CGTD considere, principalmente en representación de Galicia, agás causa debidamente xustificada.
- Someterse aos controis de dopaxe segundo a normativa en vigor.
- Pasar o control médico obrigatorio nos servizos médicos do CGTD.
- Formalizar o seu ingreso previamente á súa incorporación nas oficinas do CGTD.
- Cumprir a normativa contida no Regulamento de réxime interno do CGTD.
- Cumprir os requisitos establecidos na convocatoria, para ser beneficiario, durante o tempo de duración da praza.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

C. Natureza das prazas

1. Grupo de Tecnificación:

Poderán ser beneficiarios/as de prazas do grupo de tecnificación as persoas deportistas que fagan de 14 a 17 anos en 2026 (nados nos anos 2012, 2011, 2010 e 2009). No caso das persoas deportistas que fagan 17 anos no ano 2026 con carácter xeral deberán cumprir o requisito de ter sido beneficiarias dunha praza de tecnificación anteriormente, ben que, excepcionalmente, poderanse excluír deste requisito aquelas solicitudes que



se xustifiquen por razóns deportivas xustificadas pola participación en competicións deportivas de carácter internacional ou mundial e por unha destacable proxección deportiva.

Excepcionalmente, poderanse atender solicitudes que non se axusten ao rango de idade sinalado, ben por razóns académicas tales como alumnos/as de altas capacidades que, logo de autorización da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, cursen 3º de ESO con menos de 14 anos e alumnos de 2º de bacharelato que por ter repetido algún curso, antes do seu ingreso no CGTD, superen os 18 anos; ou ben por razóns deportivas xustificadas pola participación en competicións deportivas de carácter internacional ou mundial, e por unha destacable proxección deportiva, neste suposto deben ter un mínimo de 13 anos feitos no ano 2026.

- Praza de residente 1: deportistas que residan fóra do raio de 3 km á redonda do CGTD no momento da presentación da solicitude.

Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, aloxamento (de domingo a xoves) e manutención (de domingo a venres), servizo de lavandaría, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e titoría.

- Praza de externo/a 1: deportistas que residan dentro do raio de 3 km á redonda do CGTD no momento da presentación da solicitude. Excepcionalmente, e logo de informe xustificativo da federación correspondente, poderase acceder á praza de externo/a 1 aínda que se resida fóra do raio de 3 km á redonda do CGTD, cando se acredite de forma razoable o desprazamento da persoa deportista desde o seu domicilio familiar ás instalacións do CGTD con todas as garantías para non romper a dinámica de estudos e adestramentos. Xunto con este informe deberase presentar unha declaración xurada dos pais/nais/titores legais, conforme se comprometen a garantir os horarios do deportista vencellados á súa condición como externo 1 durante toda a tempada da bolsa.

Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, xantar no comedor da residencia (de luns a venres), incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e titoría.

2. Grupo de rendemento:

Poderán ser beneficiarios/as de prazas do grupo de rendemento os/as deportistas de máis de 18 anos.

- Praza de residente 2: deportistas que fagan 18 anos en 2026 (nados no ano 2008 ou anteriores) que residan fóra do raio de 3 km á redonda do CGTD no momento da presentación da solicitude.

Beneficios da praza: aloxamento (de luns a domingo) e manutención (de domingo a venres), servizo de lavandaría, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.



- Praza de externo/a 2: deportistas que fagan 18 anos en 2026 (nados no ano 2008 ou anteriores).

Beneficios da praza: xantar no comedor da residencia (de luns a venres), incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, instalacións deportivas, servizo médicodeportivo e servizo de fisioterapia

D. Duración das bolsas

A duración das prazas será desde o 8 de setembro de 2026 ata o 31 de xullo de 2027, exceptuando o grupo de tecnificación, que rematará a última semana do período lectivo.

E. Criterios de valoración:

- Valoraranse os criterios deportivos da modalidade deportiva e especialidade para a cal solicitan a praza ao CGTD.
- Non serán valorados os méritos deportivos acadados nos campionatos de España de clubs, nos campionatos de España por seleccións autonómicas, nin tampouco en copas ou competicións internacionais de clubs.
- Non se valorarán os resultados deportivos acadados en categorías máster, veteráns ou similar.
- A Comisión de Valoración é o órgano competente para a interpretación e resolución de dúbidas relacionadas coa aplicación dos criterios de valoración previstos nas presentes bases, e da valoración dos resultados deportivos con base na documentación achegada.

Criterios de valoración para os deportistas de Tecnificación:

1. Criterios deportivos.

Será preciso acadar unha puntuación mínima de 10 puntos na epígrafe de criterios deportivos para optar a unha praza no CGTD.

A valoración do rendemento deportivo realizarase en función da categoría en que o/a deportista proposto/a compete no ano en que se publica esta convocatoria de prazas, cunha participación mínima de 6 competidores, e do seu ano de nacemento. En caso de non existir modalidade e proba olímpica ou paralímpica na súa categoría requirirase certificado da federación española da modalidade e/ou proba que poida considerarse equiparable. A valoración efectuarase segundo o seguinte baremo:

- a) Para valorar os deportistas nados nos anos 2012, 2011, 2010 e 2009 (máximo de 52 puntos):



- Mellor resultado no campionato de España nos dous últimos campionatos celebrados en modalidade e proba olímpica ou paralímpica (de 35 a 4 puntos):
 - 1º posto: 35 puntos.
 - 2º posto: 30 puntos.
 - 3º posto: 25 puntos.
 - 4º posto: 20 puntos.
 - 5º posto: 18 puntos.

 - 6º posto: 16 puntos.
 - 7º posto: 14 puntos.
 - 8º posto: 12 puntos.
 - 9º posto: 10 puntos.
 - 10º posto: 8 puntos.
 - 11º posto: 6 puntos.
 - 12º posto: 4 puntos.

- Mellor resultado no Campionato Galego nos dous últimos campionatos celebrados en modalidade e proba olímpica ou paralímpica, (de 17 a 9 puntos):
 - 1º posto: 17 puntos.
 - 2º posto: 15 puntos.
 - 3º posto: 13 puntos.
 - 4º posto: 11 puntos.
 - 5º posto: 10 puntos.
 - 6º posto: 9 puntos.

b) Deportistas que competiron formando parte da selección española en modalidades e probas olímpicas ou paralímpicas en convocatoria oficial pola Federación Nacional nos anos 2025 ou 2026*, escollendo só unha das seguintes competicións (máximo 18 puntos).

* Para o ano 2026, poderase valorar a participación no dito campionato, sempre que a federación nacional a acredite, cando esta se vaia producir despois do prazo de presentación de solicitudes.

- Se competiron nos campionatos do Mundo: 14 puntos.
- Se competiron nos campionatos de Europa: 12 puntos.
- Sumaranse 4 puntos adicionais se acadan estar entre os 8 primeiros postos do campionato.
- Se competiron en copas do mundo: 9 puntos.
- Se competiron en copas de Europa: 7 puntos.
- Sumaranse 2 puntos adicionais se acadan estar entre os 8 primeiros postos da Copa.



- Se competiron en torneos internacionais: 1 punto polo participación en cada torneo, ata un máximo de 3 puntos.

c) As federacións poderán outorgar ata 10 puntos adicionais a un máximo de 10 deportistas de tecnificación. Esta puntuación irá decrecendo 1 punto por cada deportista a que se lle asigna, asignándolles a cada un deles: 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2 e 1 punto. Para poder ser puntuado, a puntuación deberá estar acompañada dun informe técnico da federación correspondente xunto co anexo VI, onde xustifique, con criterios técnicos obxectivos, a puntuación do/da deportista (datos antropométricos, progresión deportiva, condicións de adestramento, etc). O dito informe, de ser negativo, xustificadamente, poderá ser motivo da non inclusión do solicitante na cota da modalidade deportiva.

Esta puntuación só se terá en conta para o acceso ás prazas de cada modalidade deportiva. Non se terá en conta no momento que teña que haber un desempate entre seccións deportivas ou para o acceso a prazas dunha sección deportiva que non cheguen a ser cubertas por deportistas desa modalidade e queden abertas á súa cobertura por deportistas doutras modalidades deportivas segundo a orde de puntuación acadada.

2. Criterios académicos.

- Se remata en xuño con todo aprobado e cunha nota superior a 8: 8 puntos.
- Se remata en xuño con todo aprobado e cunha nota media entre 6 e 8: 7 puntos.
- Se remata en xuño con todo aprobado e cunha nota media inferior ao 6: 5 puntos.
- Se remata en xuño con dúas ou menos materias suspensas, pero acada unha nota media superior a 7: 4 puntos.

3. Criterio de actitude.

No caso de deportistas que aspiren a renovar a súa praza de tecnificación, terase en conta a valoración final residencial sobre o grao de aproveitamento e adaptación aos servizos residenciais, avaliacións deportivas, conforme as normas de convivencia durante o curso 2025/26, emitida pola dirección do centro, cunha escala que irá de 4 a - 4 puntos.

4. Criterios de desempate no grupo de tecnificación.

A prelación de criterios será:

- a) A que obtivo maior puntuación na valoración do rendemento deportivo.



b) A persoa deportista bolsreira o ano anterior que opte por renovar a súa praza no CGTD fronte á que se incorpora ao centro por primeira vez (sempre e cando non teña puntuación negativa, que non terá esta prelación).

c) A persoa deportista que tivese a nota media máis alta en xuño no expediente académico do derradeiro curso.

d) A persoa deportista de menor idade.

e) Orde alfabética de apelidos e nome iniciando pola letra M, conforme o sorteo feito pola Consellería de Facenda e Administración Pública no ano 2026, e publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 16, do 26 de xaneiro de 2026.

Criterios de valoración para os deportistas de Rendemento.

- As prazas do grupo de rendemento distribuiranse entre as mesmas modalidades e especialidades deportivas que o grupo de tecnificación.
- Non serán susceptibles de valoración os resultados acadados en competicións internacionais que non sexan formando parte da selección española en convocatoria oficial pola federación nacional.

a) Deportistas que acadaron un resultado entre os/as 12 primeiros/as, nos derradeiros xogos olímpicos ou paralímpicos, ou campionato do mundo coa selección nacional da súa categoría en modalidades e probas olímpicas ou paralímpicas, ata 38 puntos:

- 1º posto: 38 puntos.
- 2º posto: 35 puntos.
- 3º posto: 32 puntos.
- 4º posto: 30 puntos.
- 5º posto: 28 puntos.
- 6º posto: 26 puntos.
- 7º posto: 24 puntos.
- 8º posto: 22 puntos.
- 9º posto: 20 puntos.
- 10º posto: 18 puntos.
- 11º posto: 16 puntos.
- 12º posto: 14 puntos.

b) Deportistas que acadaron un resultado entre os/as 9 primeiros/as, no derradeiro Campionato de Europa coa selección nacional da súa categoría en modalidades e probas olímpicas ou paralímpicas, ata 28 puntos:

- 1º posto: 28 puntos.
- 2º posto: 25 puntos.
- 3º posto: 22 puntos.
- 4º posto: 20 puntos.



- 5° posto: 18 puntos.
- 6° posto: 16 puntos.
- 7° posto: 14 puntos.
- 8° posto: 12 puntos.
- 9° posto: 10 puntos.

c) Deportistas que participaron nos derradeiros xogos olímpicos ou paralímpicos, ou Campionato do Mundo ou Campionato de Europa, coa selección nacional da súa categoría en modalidades e probas olímpicas ou paralímpicas, ata 18 puntos.

- Xogos olímpicos/Xogos paralímpicos: 18 puntos.
- Campionato do Mundo: 15 puntos.
- Campionato de Europa: 12 puntos.
- Xogos europeos: 12 puntos

d) Deportistas que participaron nos dous últimos campionatos de España de forma individual en modalidades e probas/distancias olímpicas ou paralímpicas, ata 10 puntos:

- 1° posto: 10 puntos.
- 2° posto: 6 puntos.
- 3° posto: 3 puntos.

e) Deportistas que participaron nunha copa do mundo no ano 2026, coa selección nacional da súa categoría en modalidades e probas olímpicas ou paralímpicas: 10 puntos.

f) Deportistas que no curso anterior 2025/26 estiveron formando parte dun grupo de tecnificación no CGTD: 6 puntos.

Cando o/a deportista que renove teña un informe negativo da dirección do CGTD, nota de convivencia ou valoración final non satisfactoria, esta epígrafe non será valorada. Este criterio non será valorado se non se obtén ningún punto nas epígrafes anteriores.

g) Criterios de desempate no grupo de rendemento.

A prelación de criterios será:

1. A persoa deportista que obtivo unha maior puntuación sumando os puntos correspondentes ao posto obtido no derradeiro campionato de Europa e no derradeiro campionato de mundo, xogos olímpicos ou paralímpicos.

2. A persoa deportista que opte por renovar a súa praza no CGTD (sempre que non teña unha puntuación negativa no informe do CGTD).

3. En caso de continuar o empate, entraría a persoa deportista que obtivo un mellor posto no derradeiro campionato do mundo.

4. A persoa deportista de menor idade.



5. Orde alfabética de apelidos e nome iniciando pola letra M, conforme o sorteo feito pola Consellería de Facenda e Administración Pública no ano 2026, e publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 16, do 26 de xaneiro de 2026.

h) A persoa deportista que, solicitando unha praza de residente 2 no grupo de rendemento, non conseguise acceder a ela pasará á lista de candidatos ao resto de prazas de rendemento, segundo os méritos alegados e os criterios recollidos nesta convocatoria.

F. Revogación dunha praza.

A praza concedida a un/unha deportista poderá ser obxecto de expediente de perda de dereito, ademais de polas causas establecidas na normativa reguladora das axudas, polas seguintes causas:

- Inadaptación ás normas de convivencia.
- Dar positivo nun control de dopaxe ou negarse a pasalo.
- Se o recoñecemento médico do CGTD conclúe que non é apto.
- Poderase cancelar a praza porque así o solicite a persoa deportista ou os seus pais/titores legais, no caso de ser menor de idade, sempre que veña motivada por causas xustificadas.
- Igualmente, poderase cancelar por motivos disciplinarios no caso de faltas moi graves segundo o Regulamento de réxime interno do centro.

A Coruña, a 1 de xullo do 2026